

## PROCESO SELECTIVO DO PERSOAL DIRECTIVO, DOCENTE E DE APOIO DO OBRADOIRO DUAL DE EMPREGO “Coidando Miñor II”

### postos que se convocan e contratación

- Director/a, xornada completa, 12 meses
- Titor/a, media xornada, 12 meses
- Experto/a docente en atención sociosanitaria a persoas no domicilio e a persoas dependentes en institucións, xornada completa ou no seu defecto media xornada para a área social e media xornada para a área sanitaria, 12 meses
- Experto/a docente en Limpeza en superficies e mobiliario, Limpeza en espazos abertos e instalacións industriais e Xestión de Residuos Urbanos e Industriais a xornada completa. No caso de que non se atope docente que cumpra cos requisitos para impartir os tres certificados de profesionalidade, fanse contratacións independentes para cada un dos tres certificados coa duración que corresponda.
- Administrativo/a, xornada completa, 12 meses

**Requisitos mínimos:** (avalíaranse unicamente os currículos que reúnan estes requisitos mínimos):

#### Director/a:

- Titulación universitaria.
- Experiencia profesional mínima de 24 meses relacionada co posto nos últimos 5 anos. (*Experiencia en dirección e xestión de empresa, equipos humanos e proxectos de características similares a dos Obradoiros de Emprego en programas o iniciativas relacionadas coa formación profesional para o emprego, excluíndo direccións técnicas e facultativas, e/ou como técnico de emprego e desenvolvemento local, agás orientación e docencia*).
- Acreditar competencia docente (*Certificado de Profesionalidade de formador ocupacional ou de docencia da formación profesional para o emprego RD 34/2008, do 18 de xaneiro e RD 189/2013, do 15 de marzo*).

#### Titor/a:

- Titulación universitaria.
- Experiencia profesional mínima de 24 meses relacionada co posto nos últimos 5 anos.
- Acreditar competencia docente (*Certificado de Profesionalidade de formador ocupacional ou de docencia da formación profesional para o emprego RD 34/2008, do 18 de xaneiro e RD 189/2013, do 15 de marzo*).

#### Administrativo/a:

- Estudos de técnico superior ou equivalente na rama de Administración (FPPII, Ciclo superior,...)
- Experiencia profesional mínima de 12 meses como administrativo nos últimos 5 anos.

#### Docentes:

- Titulación Requerida e/ou experiencia laboral na especialidade nos últimos 10 anos, no ámbito empresarial ou de obradoiros de emprego/escolas obradoiro (Ver anexo o baremo)
- Acreditar competencia docente (*Certificado de Profesionalidade de formador ocupacional ou de docencia da formación profesional para o emprego - RD 34/2008, do 18 de xaneiro e RD 189/2013, do 15 de marzo*).

### **Presentación de solicitudes**

As persoas candidatas a participar neste proceso selectivo deberán presentar a súa solicitude seguindo o modelo que acompaña ás bases: **Anexo I Solicitude** xunto coa documentación que acredite o cumprimento dos requisitos mínimos e a documentación necesaria para a valoración dos méritos, na sede electrónica do Concello de Gondomar ou ben no rexistro xeral do Concello de Gondomar. O prazo de presentación das solicitudes será de dous días hábiles a contar dende o día seguinte á publicación deste anuncio (base sexta).

### **Bases reguladoras da convocatoria**

As bases desta convocatoria publícanse *no taboleiros físicos dos concellos de Baiona, Nigrán e Gondomar e nas sedes electrónicas destes concellos así como na oficina de emprego de Baiona. As bases inclúen anexos coas solicitudes, os requisitos de acceso e baremo de méritos das prazas ofertadas.*



## Prazos orientativos<sup>1</sup>

- . **Prazo de presentación de solicitudes:** Dende o do 1 ata o 2 de setembro incluídos.
- . **Listaxe provisional de persoas admitidas:** Día 7 de setembro.
- . **Alegacións á listaxe de persoas admitidas:** dende a publicación da listaxe provisional ate o día 8 de setembro incluído.
- . **Listaxe definitiva de persoas admitidas para a probas oral e administrativo:** Día 9 de setembro.
- . **Realización das probas orais e proba da administrativo:** Día 12 de setembro
- . **Publicación da valoración das probas anteriores:** Día 13 de setembro.
- . **Publicación da valoración de méritos e publicación dos resultados provisionais:** Día 14 de setembro.
- . **Alegacións aos resultados provisionais:** día 15 de setembro.
- . **Publicación dos Resultados definitivos:** 16 de setembro
- . **Aceptación ou renuncia da praza (anexo III):** 19 e 20 setembro

Para acceder o contido das publicacións consúltese no taboleiro de anuncios físico ou no da sede electrónica do Concello de Gondomar.

---

<sup>1</sup> Estes prazos poderían verse modificados en función do desenvolvemento do proceso selectivo, en calquera caso, nas publicacións se establecerán as datas correspondentes ao itinerario das seleccións.